



BOLSA EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO FUNCIONARIO INTERINO – FASE DE OPOSICIÓN

INDICACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO CUESTIONARIO:

- ♦ O cuestionario consta de 60 preguntas e 4 de reserva con 3 respostas alternativas das que só unha é correcta.
- ♦ As respostas incorrectas NON penalizan.
- ♦ O tempo máximo para a realización do exame é de 70 minutos.
- ♦ A persoa aspirante debe **marcar cun círculo a letra que preceda á resposta** que considere correcta. Non se puntuarán aquelas preguntas que teñan máis de un círculo. No caso de querer corrixir a resposta seleccionada deberá tachar o círculo cunha X.
- ♦ Os membros do tribunal presentes no exame NON responderán a preguntas relativas aos enunciados do cuestionario
- ♦ Durante a realización do cuestionario non está permitido o emprego do teléfono móbil ou calquera outro dispositivo electrónico.

CUESTIONARIO

1.- O fundamento da Constitución conforme di literalmente o Art. 2 da Constitución Española, é:

- a) A indisoluble unidade da Nación Española.
- b) A indivisible unidade da Nación Española
- c) A indispoñible unidade da Nación Española.

2.- Conforme á Constitución Española, o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que integran a nación española o recoñece:

- a) O pobo español
- b) A Constitución Española
- c) Os poderes do Estado

3.- Respecto dos Libros do Rexistro Xeral pódense expedir:

- a) Notificacións
- b) Certificacións
- c) Asentos



4.- O prazo máximo para notificar a resolución expresa dun procedemento administrativo será o seguinte:

- a) Non poderá exceder de seis meses salvo causa de forza maior debidamente xustificada pola Administración.
- b) Non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa das comunidades autónomas.
- c) Non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa das comunitaria europea.

5.- ¿Cal dos seguintes medios de execución forzosa non se contemplan na Lei de Procedemento Administrativo?

- a) Apremio sobre o patrimonio
- b) Multa coercitiva
- c) Execución directa

6.- ¿Quen resolve as reclamacións presentadas ás Ordenanzas?

- a) O Pleno
- b) O Presidente
- c) A Xunta de Goberno Local

7.- Cando nun procedemento administrativo local se fala de días, trátase de:

- a) Naturais
- b) Hábiles, como nun procedemento administrativo común
- c) Dependendo do caso de que se trate

8.- O prazo de información pública e audiencia das/dos interesadas/os no procedemento de aprobación de Ordenanzas fiscais é de:

- a) 30 días
- b) Un mes
- c) Dous meses

9.- Fronte a un acto ditado pola Alcaldía ¿Pódese interpoñer recurso de alzada ante o Pleno do Concello?



- a) Só se pode interpoñer o de alzada ao ser o Pleno superior xerarquicamente respecto do Alcalde.
- b) Non se pode interpoñer o recurso de alzada porque o Alcalde non depende xerarquicamente do Pleno.
- c) Ningunha resposta é correcta.

10.- Conforme ao artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ao Alcalde dun Concello non lle corresponde a seguinte competencia:

- a) Aprobar as bases das probas para a selección de persoal.
- b) Aprobar as bases para os concursos.
- c) Aprobar a plantilla de persoal do Concello

11.- Correspóndelle ao Pleno do Concello unha das seguintes competencias:

- a) A aprobación da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo do Concello.
- b) Outorgar as licencias.
- c) As contratacións e concesións de toda clae cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin en calquera caso os 6 millóns de euros.

12.- O mínimo de *quórum* para constituír de xeito válido o Pleno é de:

- a) Un tercio do número legal dos membros
- b) Un tercio máis un do número legal dos membros.
- c) A metade máis un dos membros.

13.- Son un ingreso non tributario para as entidades locais:

- a) As taxas
- b) As contribucións especiais
- c) Os prezos públicos.

14.- Segundo o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a enfermidade grave dun familiar de primeiro grado, cando sexa en distinta localidade, dará lugar a un permiso de:

- a) Tres días hábiles
- b) Cinco días hábiles
- Sete días hábiles



15.- ¿Cantas mocións de censura pode asinar un concelleiro como máximo durante un mandato?

- a) Unha
- b) Dúas
- c) Catro, unha cada ano da lexislatura.

16.- Nos créditos para gastos correntes incluíranse:

- a) Funcionamento dos servizos
- b) Inversións reais
- c) Transferencias de capital

17.- O Orzamento da entidade local será formado por:

- a) O Presidente da Corporación.
- b) O Presidente da Corporación e o Interventor.
- c) O Pleno da Corporación.

18.- ¿ Cando deberán confeccionar as entidades locais a Liquidación do Orzamento?

- a) Antes do 15 de xaneiro do exercicio seguinte
- b) Antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte
- c) Antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte

19.- Na Lei de Réxime das Facendas Locais, o Orzamento local deberá ser aprobado inicialmente:

- a) Antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte
- b) Antes do 31 de xaneiro
- c) Antes do 15 de outubro

20.- A aprobación definitiva do orzamento deberá realizarse:

- a) Antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte
- b) Antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte
- c) Antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.

21.- É un imposto obrigatorio para os concellos:



- a) Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- b) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- c) Imposto sobre actividades financeiras

22.- Para que o Orzamento sexa coñecido polas/os administradas/os e se respecte deste xeito o principio de publicidade, deberá expoñerse unha vez aprobado inicialmente pola Corporación:

- a) Durante 15 días.
- b) Durante 20 días.
- c) Durante un mes, como mínimo.

23.- ¿Que valor se tomará para o cálculo da base imponible no Imposto sobre Bens Inmóbles?

- a) O valor de mercado
- b) O valor catastral
- c) O valor de mercado reducido en catro puntos.

24.- ¿Que afirmación é incorrecta en relación co Imposto sobre Actividades Económicas?

- a) É un tributo potestativo
- b) É un imposto de carácter real
- c) É un imposto directo

25.- O importe dos prezos públicos:

- a) Deberá cubrir, como mínimo, o coste do servizo prestado e da actividade realizada.
- b) Non poderá exceder do coste do servizo prestado ou da actividade realizada.
- c) Non poderá esixirse en réxime de auto liquidación.

26.- No imposto de bens inmóbles, o feito imponible deberá ter en conta os seguintes dereitos:

- a) O dereito de posesión
- b) O dereito real de usufruto
- c) Ningunha é correcta



27.- ¿En que capítulo do Orzamento se recollerá a enaxenación dun solar pertencente a unha entidade local?

- a) No capítulo 2
- b) No capítulo 4
- c) No capítulo 6

28.- A modificación á alza do Orzamento de Gastos que se concreta no aumento de crédito orzamentario dalgunha das partidas ampliáveis relacionadas expresa e taxativamente nas bases de execución do orzamento é:

- a) Un suplemento de crédito
- b) Unha ampliación de crédito
- c) Unha xeración de crédito

29.- Os gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios pertencen á área de gasto:

- a) Área de Gasto 1
- b) Área de gasto 3
- c) Área de gasto 9

30.- Transcorrido o prazo de ingreso sen terse feito efectivo o pago das débedas contidas nos anuncios de cobranza, serán esixibles mediante o procedemento de...

- a) Apremio
- b) Execución
- c) Recargo

31.- Nos municipios de ata 5000 habitantes, o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo:

- a) Unha vez cada dous meses
- b) Unha vez cada tres meses
- c) Unha vez cada catro meses.

32.- A dirección electrónica accesible para os cidadáns a través de Internet, xestionada e administrada polo concello que ostenta a súa titularidade denomínase:

- a) Portal do cidadán



- b) Páxina web
- c) Sede Electrónica

33.- Son elementos do Municipio:

- a) A poboación e a organización
- b) O territorio e a organización
- c) O territorio, a poboación e a organización.

34.- Extinción da responsabilidade disciplinaria das/os funcionarias/os:

- a) As faltas moi graves prescriben aos 10 anos, as graves aos 5 e as leves ao ano. O prazo de prescrición empezará a contarse desde a que se comete a falta.
- b) As faltas moi graves prescriben aos 6 anos, as graves aos 3 anos e as leves ao ano. O prazo de prescrición empezará a contarse desde a que se comete a falta.
- c) As faltas moi graves prescriben aos 6 anos, as graves aos 2 anos e as leves ao mes. O prazo de prescrición empezará a contarse desde a que se comete a falta.

35.- As copias realizadas por medios electrónicos de documentos electrónicos emitidos polo propio interesado ou polas Administracións Públicas...

- a) Terán a consideración de copias auténticas si manteñen o formato orixinal.
- b) Terán a consideración de copias auténticas aínda cando non manteñan o formato orixinal.
- c) Terán a consideración legalmente prevista que non será a de copias auténticas.

36.- Segundo o artigo 34 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as cantidades a reintegrar terán a consideración de:

- a) Dereito público
- b) Ingreso de dereito público
- c) Obrigación pública

37.- Segundo establece o artigo 35 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o dereito da administración a recoñecer ou liquidar o reintegro prescribirá anos:

- a) 3 anos
- b) 4 anos
- c) 5 anos



38.- Segundo establece o artigo 36 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, responderán da obriga de reintegro:

- a) Subsidiariamente os representantes legais do beneficiario cando esta careza de capacidade de obrar.
- b) Solidariamente os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas.
- c) Solidariamente os membros, partícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o apartado 3 do artigo 8 de dita Lei en proporción ás súas respectivas participacións, cando se trate de comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

39.- Segundo establece o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP), o persoal que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa nomeado con carácter temporal para desenvolver funcións propias de funcionarios, será:

- a) Persoal funcionario interino
- b) Persoal laboral temporal
- c) Persoal eventual

40.- Segundo establece o artigo 48 do TREBEP, por matrimonio, o funcionario público disporá dun permiso de:

- a) 10 días
- b) 14 días
- c) 15 días

41.- Segundo o artigo 15 da Lei 39/2015 (en diante LPAC), o procedemento dirixido a órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma:

- a) Tramitarase na lingua elixida polo interesado
- b) Tramitarase na lingua elixida pola Administración
- c) Tramitarase na lingua oficial do Estado

42.- Segundo o artigo 15 da Lei 39/2005, LPAC, se concorresen varios interesados no procedemento e existise discrepancia no referente á lingua:



- a) Tanto o procedemento como os documentos e testemuñas que requiran os interesados tramitaranse en castelán.
- b) Tanto o procedemento como os documentos e testemuñas que requiran os interesados tramitaranse na lingua elixida polos mesmos.
- c) O procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos e testemuñas que requiran os interesados expediranse na lingua elixida polos mesmos.

43.- A función pública da Secretaría integra:

- a) A fe pública
- b) A fe publica e o asesoramento legal
- c) A fe pública e o control e fiscalización da xestión económico financeira

44.- Segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, LPAC, disporá dun Rexistro Electrónico Xeral, no que se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, Organismo público ou Entidade vinculada ou dependente destes:

- a) A Administración Xeral do Estado
- b) A Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas
- c) Cada Administración.

45.- Segundo o Artigo 21 da Lei 39/2015, LPAC, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo para notificar a resolución expresa, este será de:

- a) Un mes
- b) Tres meses
- c) Seis meses

46.- Segundo establece o artigo 21 da Lei 39/2015, LPAC, o prazo para notificar a resolución expresa nos procedementos iniciados de oficio contarase:

- a) Desde a data do acordo de iniciación
- b) Desde o día seguinte á data do acordo de iniciación
- c) Desde a data fixada no acordo de iniciación

47.- Segundo se establece no artigo 24 da Lei39/2015, LPAC, nos procedementos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados o sentido do silencio:



- a) Será estimatorio
- b) Será desestimatorio
- c) Producirá a caducidade do procedemento

48.- Segundo se establece no artigo 43 da Lei 39/2015, LPAC, as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas:

- a) Aos 10 días de cando se poña ao alcance do interesado
- b) No momento en que se poña ao alcance do interesado
- c) No momento en que se produza o acceso ao seu contido.

49.- Segundo establece o artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, existen en tódolos Concellos:

- a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno
- b) O alcalde, os tenentes de alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local
- c) O alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local

50.- Segundo establece o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Xunta de Goberno Local está integrada por:

- a) O alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ao Pleno.
- b) O alcalde e un número de concelleiros non superior á metade do número legal dos mesmos.
- c) O número de concelleiros que o alcalde así determine, mediante resolución ditada ao efecto.

51.- O abastecemento domiciliario de auga potable, segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, é un servizo a prestar por:

- a) Tódolos municipios
- b) Os municipios con poboación superior a 1.000 habitantes
- c) Os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

52.- A Biblioteca Pública, segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, é un servizo a prestar por:

- a) Tódolos municipios
- b) Os municipios con poboación superior a 3.000 habitantes
- c) Os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.



53.- O Servizo de Protección Civil, segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, é un servizo a prestar por:

- a) Os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes
- b) Os municipios con poboación superior a 10.000 habitantes
- c) Os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

54.- A existencia de instalacións deportivas de uso público, segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, é un servizo a prestar por:

- a) Os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes
- b) Os municipios con poboación superior a 10.000 habitantes
- c) Os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

55.- A formación, mantemento e revisión do Padrón municipal é competencia:

- a) Do propio Concello
- b) Do Instituto Galego de Estatística
- c) Da Comunidade Autónoma respectiva

56.- Os deputados provinciais que integran a Comisión de Goberno, son nomeados:

- a) Polo Pleno da Deputación
- b) Polo Presidente da Deputación
- c) Polos concelleiros dos distintos concellos da provincia

57.- As certificacións expídense por:

- a) O secretario
- b) O secretario por orde do presidente
- c) O xefe do servizo correspondente

58.- Debe motivarse a convocatoria do Pleno de:

- a) Tódalas sesións
- b) As sesións ordinarias
- c) As sesións extraordinarias

59.- Un concello con poboación superior a 20.000 habitantes terá unha Secretaría de clase:



- a) Primeira
- b) Segunda
- c) Terceira

60.- O termo municipal é:

- a) O límite de terreo que pertence a un Concello
- b) O territorio no que o Concello exerce as súas competencias
- c) O conxunto de terreo de dominio público

PREGUNTAS DE RESERVA

61.- O defecto de forma nun acto administrativo determina:

- a) A anulación do acto, en todo caso.
- b) A nulidade de pleno dereito.
- c) A anulación cando o acto careza dos requisitos formais para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.

62.- Respecto do Estado español, a monarquía parlamentaria é:

- a) Un valor superior do ordenamento xurídico.
- b) A forma política do Estado
- c) A forma política do goberno

63.- ¿Qué prazo ten o interesado nun procedemento administrativo para corrixir un erro subsanable?

- a) Un mes
- b) Quince días
- c) Dez días

64.- Os municipios son:

- a) Entidades básicas da organización provincial
- b) Canles inmediatos de participación cidadá nos asuntos públicos
- c) Entidades locais sen personalidade xurídica.